

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 11 DE MAIO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de maio de dous mil vinte; as trece horas e corenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con número de rexistro de entrada 2020-E-RE-99:

En relación no novo horario de saída , o noso grupo pide que o concello realice un cartel informativo ao respecto, pois a cidadanía necesita ser informada correctamente . Se intensifique a labor de control e cumprimento das normas de prevención e de cumprimento do Estado de alarma, as autoridades deben supervisar o cumprimento da normativa , polo que pedimoslle ao concello que se intensifique a súa actividade de control estes días.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE FACTURA

A xunta de goberno por unanimidade aproba a factura emitida por Instalaciones Amando S.A. , nº 830028, de data 31/12/2018 , por importe total de 10.173,78 euros, base imponible 2.136,49 Imposto sobre o valor engadido 12.310,27 euros en concepto de subministro de material,mes de decembro 2018.

APROBACIÓN DE PROXECTO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a memoria valorada denominada “Infraestructuras e remate de obra de beirarúas”, redactada pola arquitectas municipais, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez, por importe de 78.030,76 euros, os efectos da subvención nominativa outorgada pola Deputación Provincial de Ourense.

NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN DE OBRA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación coa obra denominada “Infraestructuras e remate de obra de beirarúas”, acorda nomear directora de obras as arquitectas municipais, Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e corenta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.